



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Expediente número: 307/2025

De acordo cos artigos 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia e bo Goberno, relativo á información institucional, organizativa e de planificación, e o 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que regula a publicación dos actos administrativos, e os principios de transparencia e publicidade das Administracións Públicas; dáse publicidade á resolución de Alcaldía de data 20 de maio de 2025, número 2025-0081, pola que se aproba o "Plan estratéxico de subvencións do Concello de Baralla para o período 2025-2027".

Contra este acordo cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

Baralla, 20 de maio de 2025.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2025-2027

1. Finalizade do Plan estratéxico de subvencións e natureza xurídica do mesmo.

1. Finalidade do Plan estratéxico de subvencións.

Unha parte relevante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, executando a actividade de fomento, co obxectivo esencial de poder dar cumprida resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades de natureza pública ou privada.

Coa finalidade mellorar a eficacia e a eficiencia no outorgamento das diferentes subvencións e axudas públicas, as normativas de subvencións tanto estatal como galega establecen, de igual forma, a oportunidade de elaborar un Plan Estratéxico de Acción Subvencional (PES), a desenvolver nun determinado espazo temporal, con unha adecuada conexión entre os obxectivos e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as fontes de financiamento.

Polo demais, o plan estratéxico de subvencións forma parte, en termos xerais, do tratamento do gasto público ao que vai unido. Esa vinculación sinálase de forma expresa na exposición de motivos do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (en adiante RXS) ao indicar que «se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencións».

En materia de subvencións, tanto directas como en concorrencia, este Concello vén cumprindo cos requisitos de publicidade e transparencia esixidos pola normativa e coas súas obrigas de control económico e financeiro; aínda así é preciso seguir avanzando para dotar ao Concello dun instrumento planificador e programático que sirva de apoio á planificación e xestión das políticas públicas que teñen por obxectivo a acción administrativa vinculada ao fomento.

Neste senso, tanto o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), como os artigos que van do 10 ao 15 do (RXS), regulan polo miúdo o seu contido mínimo.

Unha parte relevante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, executando a actividade de fomento, co obxectivo esencial de poder dar cumprida resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades de natureza pública ou privada.

Coa finalidade mellorar a eficacia e a eficiencia no outorgamento das diferentes subvencións e axudas públicas, as normativas de subvencións tanto estatal como galega establecen, de igual forma, a oportunidade de elaborar un Plan Estratéxico de Acción Subvencional (PES), a desenvolver nun determinado espazo temporal, con unha adecuada conexión entre os obxectivos e os efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as fontes de financiamento.

Polo demais, o plan estratéxico de subvencións forma parte, en termos xerais, do tratamento do gasto público ao que vai unido. Esa vinculación sinálase de forma expresa na exposición de motivos do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (en adiante RXS) ao indicar que *«se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencións»*.

O plan estratéxico de subvencións formúlase sobre estes piares:

- Ser un instrumento para o deseño e avaliación da actividade municipal de fomento, respecto de actividades de utilidade pública ou interese social, ou ben de promoción de finalidades públicas, en termos de eficacia e eficiencia no destino dos recursos públicos, e sobre todo no escenario orzamentario e financeiro actual condicionado polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade económico- financeira.
- Potenciar a transparencia e publicidade na xestión desta política e acción administrativa de fomento.
- Dar coherencia aos obxectivos estratéxicos e operativos, en relación con cada concreta liña de subvencións, de modo que sexa necesario un específico deber de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións (obxectivos estratéxicos e operativas).

2. Natureza xurídica do Plan estratéxico de subvencións.

A lexislación aplicable no presente plan estratéxico é a seguinte:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS);
- Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 (RGS), Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (RSG), artigos 6 e 7. Aínda que, de acordo co seu artigo 1.3, *«as disposicións deste Regulamento non serán de aplicación ás entidades locais de Galicia nin aos organismos ou entidades dependentes delas»*, tívose en conta a regulación para a elaboración do presente Plan estratéxico de subvencións do Concello de Baralla (PESCV, no sucesivo)
- Bases anuais de execución do Orzamento municipal.

O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública o da *«planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas»*.

Do mesmo xeito, o artigo 8 da LXS establece que os *«órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria»*.

Por outra parte, a actividade subvencional da Administración Pública *«debe ser planificada co obxecto de realizar unha asignación equitativa, eficaz, eficiente e económica dos recursos públicos con pleno sometemento á lei e ao dereito»*.

Destas consideracións e da definición que o propio artigo 10 do RXS realiza destes plans como instrumentos de planificación das políticas públicas cuxo obxecto é fomentar actividades de utilidade ou finalidade pública ou interese social, resulta a súa consideración xurídica como instrumentos programáticos de xestión, de natureza non regulamentaria, elaborados e aprobados polo órgano administrativo competente para propoñer o establecemento de liñas de subvencións.

O PES ten por finalidade seleccionar as mellores políticas públicas de fomento e a eficiencia na utilización do gasto público, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria, de forma que permita racionalizar a acción de fomento, mantendo e mesmo aumentando as partidas económicas que se viñan dedicando, facendo rendibles os recursos por definición limitados, mediante criterios eficaces, e que redunden nun maior beneficio para o conxunto do municipio.

A aprobación do PES non xera “*per se*” dereitos nin obrigas para a Administración, quedando a súa efectividade condicionada á aprobación das convocatorias das diferentes liñas de subvención ou subvencións directas, así como das dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

O órgano que ten atribuída a función de desenvolvemento da xestión económica e, por tanto, a execución do Plan Estratéxico de Subvencións, competente para a concesión de axudas ou subvencións será o Alcalde, sen prexuízo das delegacións que existan no seu caso.

1.3 Ámbito subxectivo do Plan.

O punto 1, apartado b) e o punto 2 do artigo 3 da LXS sinalan que a dita normativa de subvencións resulta de aplicación ás outorgadas polas entidades que integran a Administración local, pero tamén ás outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou

dependentes de calquera delas, na medida en que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio das potestades administrativas, así como que os entes de dereito privado, vinculados ou dependentes da administración local – neste caso- lle serán de aplicación os principios xerais contidos nesta Lei (publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia) e os de información aos que se refire o artigo 20 (BDNS).

Ao mesmo tempo, o artigo 8 relativo ao Plan estratéxico de subvencións inclúe «*aos órganos das administracións públicas ou a calquera ente que propoña o establecemento de subvencións*».

A normativa non esixe que o PES sexa único, no sentido de que cada órgano ou entidade con personalidade xurídica propia vinculada ou dependente do Concello que outorgue subvencións podería elaborar e someter á aprobación o seu propio Plan estratéxico. O artigo 11 do RXS determina que haberá un PES por cada Ministerio, pero nada sinala para o resto de administracións públicas distintas da estatal, sen prexuízo do carácter non básico do artigo.

En concellos cun nivel demográfico, económico e de complexidade administrativa similar ao Concello de Baralla, adoita aprobarse un único Plan estratéxico de Subvencións (PES, no sucesivo) dado que o volume de subvencións a outorgar polas entidades que conforman o seu sector público institucional é moi residual e tendo en conta, ademais, todos os requisitos que a normativa esixe que se incorporen ao seu contido. Ao tempo, un único PES permite unha visión global da actividade de fomento da institución e do seu impacto no conxunto da sociedade e da economía do municipio.

Polo exposto, o presente PES segue a orientación maioritaria na elaboración e aprobación dos distintos PES pertencentes á Administración local polo que, tanto durante o seu ámbito temporal (2025-2027) como nos plans operativos anuais e nas súas modificacións e actualizacións estarán incluídas todas as liñas de subvencións a outorgar polo propio Concello.

A maior abastanza, considerase de interese resaltar no presente documento as liñas de axudas que non se inclúen no PES como liñas subvencionadas en virtude do seu réxime xurídico, a saber:

- a. As axudas municipais incluídas na Carteira de Servizos Sociais de Galicia como prestacións asistenciais, como as de axuda no fogar ou comidas a domicilio no ámbito da dependencia; a Renda Social Municipal que conta coa súa propia normativa reguladora ao amparo da Lei 13/2008, modificada pola Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia e do Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de Servizos Sociais de inclusión de Galicia e a súa consideración como prestación asistencial ao amparo do artigo 2.2 a) da LSG e 2.4. da LXS;
- b. Así mesmo, as axudas de emerxencia municipais. A recente modificación do artigo 2.2 a) da Lei e Subvencións de Galicia (LSG) pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas sinala que non teñen carácter de subvencións «*as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións asistenciais autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*».

Asemade, descartáronse do plan aquelas transferencias que non son subvencións de acordo coa normativa xeral de aplicación por:

- a. Non ser subvencións ou non estar incluídas no ámbito de aplicación da LXS de acordo co artigo 2, puntos 2, 3 e 4 da LXS e artigo 2, punto 4 do RXS como as achegas de diñeiro entre o Concello e outra administración pública ou entidades a elas vinculadas; ou entre o Concello cara os distintos entes que conforman o sector institucional municipal; ou os convenios e concertos entre administracións cuxo obxecto sexa a realización de plans e programas conxuntos; as cotas ás asociacións que corresponden á condición do Concello como persoa xurídica social e se rexen pola normativa de asociacións; as cotas ás distintas asociacións de concellos ou a organismos internacionais, etc.
- b. Ser subvencións, pero resultar excluídas da aplicación da LXS segundo o artigo 4, como as subvencións aos grupos políticos da corporación (se ben deben de publicarse na BDNS) ou os premios outorgados sen solicitude previa da persoa beneficiaria.
- c. Os anticipos de haberes por serlles de aplicación a normativa fiscal e orzamentaria das retribucións ao traballo; nin tampouco o uso gratuito por entidades sociais de bens inmoables do patrimonio municipal ao resultarlles de aplicación a tales cesións a normativa patrimonial.

2. Liñas subvencionables do Plan estratéxico de subvencións e natureza xurídica do mesmo.

2.1 Ámbito orzamentario e temporal do Plan

As distintas liñas subvencionais que se incorporan corresponden a análise do actual anexo de subvencións nominativas que acompaña ao Orzamento Xeral 2025, así como de todos os gastos previstos no capítulo IV e VII do Orzamento.

De acordo co previsto no artigo 11.4 do RXS o ámbito temporal do presente PES abarca os exercicios 2025 a 2027 inclusive, establecendo non obstante unha aprobación anual do seu correspondente Plan Operativo que concretará obxectiva e subxectivamente as distintas liñas subvencionais, a súa cuantificación económica correspondente e as aplicacións orzamentarias específicas, unha vez aprobados ou prorrogados os

orxamentos municipais e definidas as aplicacións do capítulo IV e VII, tanto as correspondentes a subvencións nominativas como as de convocatoria en concorrencia e directas. Non obstante, algunha liña subvencional, pola especial natureza do sector afectado, poderá ter unha maior duración.

2.2 Principios xerais da xestión subvencional

Partindo dos principios aplicables á xestión da actividade subvencional que consagra o artigo 8.3 da LXS, os que derivan do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, os derivados do cumprimento da normativa de transparencia e das normas de bo goberno e administración e os xerais que rexen a actividade das administracións públicas, constitúen principios xerais para a xestión das liñas de subvención do PESCV e que deben rexer tanto no establecemento como na xestión das distintas liñas de subvencións do mesmo os de: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos destinados a tal fin.

2.3 Beneficiarios e materias nas que se establecerán subvencións.

O Concello concederá subvencións mediante convocatoria pública ou a través da firma de convenios de colaboración ou acordos, a favor de persoas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

As liñas de subvencións previstas no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Baralla para os exercicios 2025-2027 son as seguintes:

Liña 1: Fomento da cultura, o ocio e o turismo no municipio de Baralla, nos seus distintos ámbitos.

Obxectivo estratéxico: Apoiar a realización de proxectos e/ou actividades das asociacións sen ánimo de lucro ou das comisións de festas existentes no Concello, con fin de desenvolver accións de carácter cultural, de ocio, en materia de igualdade, xuvenil e turístico.

Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, ocio, ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orxamentos municipais.

Prazo de execución: anual

Custos previsibles: 37.700,00 euros anuais.

Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orxamentos, sen prexuízo das subvencións que posteriormente se poidan conceder para financiar os mesmos.

Liña 2: Fomento da acción social e loita contra o despoboamento.

Obxectivo estratéxico: Fomento da natalidade e a acción social

Obxectivo específico:

- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo.
- Intervención municipal ante situacións de risco social.

Prazo de execución: anual

Custos previsibles: 11.000,00 euros anuais.

Financiamento: O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orxamentos, sen prexuízo das subvencións que posteriormente se poidan conceder para financiar os mesmos.

Liña 3: Fomento do deporte

Obxectivo estratéxico: Apoiar a realización de proxectos deportivos e/ou actividades das asociacións sen ánimo de lucro.

Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local no ámbito do deporte como forma de participación da cidadanía.

- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica deportiva do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.

Prazo de execución: anual

Custos previsibles: 6.500,00 euros anuais.

Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos, sen prexuízo das subvencións que posteriormente se poidan conceder para financiar os mesmos.

Liña 4: Fomento das actividades non lectivas

Obxectivo estratéxico: Apoiar a realización de actividades non lectivas dirixidas aos nenos e nenas do municipio.

Obxectivos específicos:

- Colaborar na realización de actividades non lectivas no municipio.
- Fomentar a participación da mocidade na dinámica deportiva e cultural do municipio.

Prazo de execución: anual

Custos previsibles: 9.100,00 euros anuais.

Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos, sen prexuízo das subvencións que posteriormente se poidan conceder para financiar os mesmos.

3. Relativo ao outorgamento directo de subvencións.

De conformidade co disposto no artigo 22.2 da LXS, poden concederse subvencións directamente (sen concorrencia pública) en tres supostos, que practicamente se reconducen a dous (os apartados a e c):

«a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo con a súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública».

Este precepto está desenvolto no art. 65 do RXS, segundo o cal:

«1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciárase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

a) Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.

b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.

c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.

e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos».

Dos dous preceptos expostos dedúcese que para que poidan considerarse subvencións nominativas deben cumprir os seguintes requisitos:

- i. A subvención debe estar prevista expresamente no Orzamento municipal, con indicación do beneficiario, do importe e do obxecto; normalmente figuran como anexo ás Bases de Execución do Orzamento municipal. Todo elo sen prexuízo das subvencións excepcionais ás que fai referencia o artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sempre e cando queden acreditadas as razóns de interese público, social, económico ou humanitario.
- ii. A subvención debe ter crédito adecuado e suficiente no estado de gastos, sendo congruente coa clasificación por programas e económica do crédito orzamentario.
- iii. A pesar de estar prevista expresamente no Orzamento municipal, require dun acto administrativo expreso de concesión da subvención.
- iv. O procedemento para a concesión da subvención nominativa pódese iniciar de oficio ou a instancia do interesado.
- v. O acto de concesión ou o convenio que articule a subvención ten o carácter de bases reguladoras da subvención.
- vi. A resolución pola que se concede a subvención ou o convenio que se subscriba debe incluír necesariamente os seguintes aspectos:
 - a) O obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, #de acordo con a asignación orzamentaria.
 - b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.
 - c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
 - d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.
 - e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
 - vii. Transcorrido o exercicio e terminado o efecto do orzamento xa non se pode conceder a subvención, porque o Orzamento deixou de ter vixencia. Así o lembrou a Sentenza do TS do 26 de xaneiro de 2015, que considera que: *«Se se parte da inaplicabilidade das leis de orzamentos para os exercicios de 2010 e 2011, a pretensión da demandante: a de que se lle outorgue no ano 2012 unha subvención para a realización de accións de fomento de emprego correspondentes aos exercicios de 2010 e 2011, carece por completo de cobertura legal. Sen ela, non cabe que, ausente o título legal, o só xogo dos arts. 14 e 28 CE por unha discriminación sufrida no pasado, alume un título inexistente».*

En virtude do tenor de disposto con anterioridade, será a resolución pola que se conceda a subvención ou o convenio que a articule onde se determinará a documentación que se debe esixir ao beneficiario para que xustifique os fondos esixidos.

Neste senso compre lembrar que o artigo 69 do RXS dispón que: *«A xustificación polo beneficiario do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, poderá revestir as seguintes modalidades:*

- 1) Conta xustificativa, adoptando unha das formas previstas no Sección 2.^a deste Capítulo.*
- 2) Acreditación por módulos.*
- 3) Presentación de estados contables».*

Así pois, en función da modalidade que se adopte para a xustificación, a documentación presentará unha forma ou outra; tendo en consideración que, tal e como indica o artigo 71 do RXS, *«a xustificación da subvención terá a estrutura e o alcance que se determine nas correspondentes bases reguladoras»*, é dicir, na resolución pola que se concede a subvención ou o convenio que se subscriba.

En todo caso, sinalase que a conta xustificativa debe conter a documentación que se menciona no artigo 72 do RXS.

Baralla, 20 de maio de 2025.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 1363

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE APERTURA DA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE MONITOR/A DE TEMPO LIBRE COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2025

Por Resolución do 21 de maio de 2025 aprobanse as bases que rexerán a a bolsa de emprego para cubrir posibles prazas para postos de monitor/a de tempo libre como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases da bolsa: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.gal e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 21 de maio de 2025.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 1372

BECERREÁ

Anuncio

Cumprido o trámite de exposición pública, anunciado no BOP Lugo Núm. 076 - mércores, 2 de abril de 2025, da modificación da Ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considérase definitivamente aprobada co texto que figura a continuación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 de la Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais este Concello establece a "*Taxa por recollida de lixo*" que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuías normas atenden ó prevenido no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamentos locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais comerciais, profesionais, artísticas e de servizos e a monda de pozos negros a solicitude do suxeito pasivo

2.- A tal efecto, se consideran lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial escombros de obras, detritus humanos, materias y materiais contaminados, corrosivos, peligrosos o cuia recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita á Taxa de prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbáns de industriais, hospitais e laboratorios.

b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.

c) Recollida de escombros de obras.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas física ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen o empreguen as vivendas e locais ubicados nos lugares, plazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 y 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que foran declarados pobres por precepto legal, estén inscritos no Padrón da Beneficencia como pobres de solemnidade ou obteñan ingresos anuais inferiores ós que correspondan ó salario mínimo interprofesional.

Artigo 6º.- Cuota tributaria (Artigo modificado por acordo plenario de dezasete de xaneiro de dous mil oito; Artigo modificado por acordo plenario de 27/03/14) **(Artigo modificado por acordo plenario de 27 de marzo de dous mil vinte e cinco)**

1.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local que se determinará en función da natureza e destino dos inmoables.

2.- Para tal efecto, aplicaranse, con efectos 01/01/2025, as seguintes Tarifas:

CONCEPTOS	COTA ANUAL
Epígrafe 1.- Vivendas	
Por cada vivenda	144
Baixos para garaxes	144
Epígrafe 2.- Aloxamentos	
Hoteis, moteis, pensións, casa de hóspedes e hostais-restaurantes	432
Epígrafe 3.- Establecementos de alimentación.	
A) Supermercados, economatos e cooperativas	432
B) Almacéns ó por maior de froitas verduras e hortalizas	432
C) Pescaderías, carnicerías e similares	432
D) Pequenas tendas de ultramarinos	324
Epígrafe 4.- Establecementos de restauración	
A) Restaurantes	324
B) Cafetaría	216
C) Whisquerías e pubs	216
D) Bares	216
E) Tabernas	216

Epígrafe 5.- Establecementos de espectáculos.	
A) Cines e teatros	216
B) Salas de festas e discotecas	216
C) Salas de bingo	216
Epígrafe 6.- Outros locais industriais ou mercantís	
A) Textil	216
B) Centros oficiais	216
C) Oficinas bancarias	432
D) Grandes almacéns	324
E) Carpinterías, librarías, zapaterías	216
F) Concesionarios de automóviles	324
G) Talleres mecánicos	216
I) Venda menor de recambios	216
J) Outros locais onde se exerzan outras actividades industriais ou mercantís non comprendidos en epígrafes anteriores	216
Epígrafe 7.- Despachos profesionais	
Despachos profesionais	144
Epígrafe 8.- Monda de pozos negros	
Monda de pozos negros	120

3.-No caso de que se desenvolva nun mesmo local máis dunha actividade, tributarase pola tarifa máis elevada.

4.-As cuotas sinaladas na Tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a doce meses.

Artigo 7º.-Devengo. (Artigo modificado por acordo plenario de 27/03/14)

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza da recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais empregados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2.-Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas se devengarán o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da taxa se produxera con posterioridade á devandita data, en cuio caso a primeira cuota se devengará o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso. (Artigo modificado por acordo plenario de dezasete de xaneiro de dous mil oito.)

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cuota do primeiro trimestre.

2.- Cando se coñeza xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes que surtirán efectos a partires do periodo de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3.- O cobro das cuotas se efectuará trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

4.- As persoas interesadas na monda de pozos negros, presentarán previamente a correspondente solicitude no Rexistro Xeral da Corporación liquidándose a taxa unha vez aprobada a devandita liquidación polo órgano municipal competente depositándose, con carácter previo á realización da actividade municipal, o seu importe total.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso se restaá ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN ADICIONAL (Engadida por acordo plenario de dezasete de xaneiro de dous mil oito)

1.- No non previsto na presente ordenanza será de aplicación ó previsto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na Lei Xeral Tributaria e demais disposicións sobre a materia.

2.-As tarifas establecidas na presente ordenanza, agás os dereitos de acometida e alta formalizada, incrementaranse cada dous anos segundo o IPC anual, con referencia ó 1 de xaneiro de cada ano, non sendo preciso a notificación individual ós suxeitos pasivos das tarifas derivadas destes incrementos. Esta revisión comezará a ser aplicada a partires do 2012.

3.-Non obstante, as citadas tarifas veránse incrementadas nos correspondentes importes, cando así o esixa unha Lei estatal ou autonómica, ou o estableza unha norma dictada pola Administración Xeral do e Estado ou da Comunidade Autónoma galega.

DISPOSICIÓN FINAL (Artigo modificado por acordo plenario de dezasete de xaneiro de dous mil oito.)

A presente Ordenanza Fiscal modificada, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Becerreá, 20 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, Manuel Martínez Núñez.

R. 1364

BEGONTE*Anuncio***Información pública**

Aprobándose por resolución da alcaldía de data dezaseis de maio de dous mil vintecinco os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa canón de auga da Xunta de Galicia correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e catro.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó cuarto trimestre do ano dous mil vinte e catro.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 16 de maio de 2025.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 1365

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns do mes de maio de 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2024/2025, por un importe total de 5.453,26€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 15 de maio de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1366

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 821/2025 E 822/2025 ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MARZO 2025.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 15 de abril de 2025 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de marzo de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.451,88 €, correspondendo 916,80 € a libre concorrencia e 8.535,08 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente pónse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 14 de maio de 2025.- A Alcaldesa – Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1367

LOURENZÁ

Anuncio

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A, PARA SUBSTITUCIÓN POR BAIXA A TEMPO COMPLETO, DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA, OFICIOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA CONDUCTOR/A

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 20/5/2025 apróbase A CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A, PARA SUBSTITUCIÓN POR BAIXA A TEMPO COMPLETO DUN/HA TÉCNICO/A SUPERIOR ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA , OFICIOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA CONDUCTOR/A

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

Lourenzá, 22 de maio de 2025.- O Alcalde en funcións, Javier Huertas Otero.

R. 1373

PALAS DE REI

Anuncio

EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2025-0279, ditada o 9 de maio de 2025, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 1º Trimestre do 2025, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de maio. O pagamentos farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iniciárase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 9 de maio de 2025.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1368

O PÁRAMO

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 21 de maio de 2025 aprobáronse as bases para selección de persoal laboral temporal, vinculado ao convenio asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello do Páramo, para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025-2026:

- 1 tractorista (3 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse no taboleiro de anuncios do Concello do Páramo e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

O Páramo, 21 de maio de 2025.- O Alcalde, P.D. O 1º Tte. Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1374

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 22 de maio de 2025, aprobáronse as bases que rexerán o proceso selectivo para a contratación de 2 socorristas como persoal laboral temporal para a prestación de servizos de socorrista na piscina municipal do Concello de Pol durante a tempada estival 2025 e creación de bolsa de emprego. As bases reguladoras estarán expostas na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol, así como no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial. O prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio.

Pol, 22 de maio de 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1375

A PONTENOVA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN (1) PEÓN FORESTAL COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025. REFORZO DO EMPREGO.-

Por decreto da alcaldía 2025-0308 de data 21/05/2025 apróbanse as bases que rexerán a contratación por concurso – oposición de un (1) posto de peón forestal como persoal laboral temporal durante un período de (4) catro meses a xornada completa no Concello da Pontenova ao abeiro do Plan Deputación de Cooperación cos concellos 2025.-

Prazo de presentación de instancias: CINCO DÍAS hábiles a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP (de 09:00 horas a 14:00 horas, no Rexistro xeral do Concello de A Pontenova, Praza do Concello s/n – 27720 – A Pontenova), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (<http://concellodapontenova.org/?lang=es>) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.-

Bases da convocatoria: publicadas na sede electrónica municipal <http://concellodapontenova.org/?lang=es> e no taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

A Pontenova, 21 de maio de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1376

SOBER

Anuncio

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI).

O Pleno do Concello de Sober, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2025 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral (ARI).

O devandito acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo nº 75 de 01 de abril de 2025, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo de modificación da Ordenanza que incoa a Disposición Adicional que se transcribe a seguir:

“DISPOSICIÓN ADICIONAIS

....

QUINTA. Réxime especial aplicable as solicitudes presentadas ao abeiro da Convocatoria de axudas do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan de Vivenda 2018-2021 publicada no BOP núm. 235 do 10.10.2024

Dado a inminencia dos prazos de cualificación provisional e xustificación das actuacións e outros gastos con cargo as Fases 4ª a 7ª do Programa de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan de Vivenda 2018-2021, aplícase o réxime de tramitación especial as solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 235 do 10.10.2024 que terá carácter retroactivo producindo efectos dende a data do 10.10.2024.

O réxime aplicable será o que se indica a seguir:

Presentada a documentación para a solicitude da achega, e despois dos requirimentos que se consideren necesarios para completar ou aclarar a documentación recibida, o órgano instructor proporá á Alcaldía a aprobación provisional das axudas, que terá a consideración de acto de trámite necesario para a súa obtención.

O Concello remitirá esta proposta de cualificación provisional ó IGVS conterá a identificación da persoa solicitante ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido e o prazo de execución das actuacións.

Esta proposta irá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos esixidos polo Plan de Vivenda 2018-2021 referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

A persoa titular da correspondente xefatura territorial do IGVS ditará unha resolución sobre a cualificación provisional. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

Serán causas de denegación da cualificación provisional, ademais das que poida sinalar o concello, as seguintes:

- a) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.*
- b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Fomento (actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana).*
- c) A falta de cobertura orzamentaria no momento da resolución de cualificación provisional.*

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional.

Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.”

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo

de DOUS MESES a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Sarria, 30 de novembro de 2023.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

Sober, 20 de maio de 2025.- O alcalde, D. Luis Fernández Guitián.

R. 1369

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz SUBSTITUTO/A de MEIRA (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- - **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “ Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculcado nin procesado.**

V.- - **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual.**

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 19 de maio de 2025.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 1370